



INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS ANO 2016

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2016:

I.- BASES DE CALCULO

Para o cálculo dos ingresos previstos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2014 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2015
- 3.- Unha estimación de ingresos para o ano 2016 derivada das actualizacións dos tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria de 28 de setembro de 2015, así como das reducións de tipos e tarifas aprobadas en sesión de 4 de setembro de 2014.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos derivadas do Plan de Control tributario de 2016 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizan os Servizos de Xestión Tributaria e Catastral.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada. Minoración de ingresos na partida presupostaria 113 relativa ao imposto sobre Bens Inmóbeis de Natureza Urbana pola exclusión de solos urbanizables sen ordenación detallada de conformidade coa lei 13 /2015 de 24 de xuño de modificación da lei do Catastro Inmobiliario .
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiación segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA)





II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descripción	Total por Aplicacións
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	103.831.645,34 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	7.709.710,00 €
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	36.706.577,19 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	74.610.994,31 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.168.390,36 €
Total ingresos por operacións Correntes non financeiras		225.027.317,20 €
0,00 €		
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
Total ingresos por operacións de capital non financeiras		0,00 €
Total ingresos por operacións non financeiras		225.027.317,20 €
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	646.000,00 €
IX	PASIVOS FINANCEIROS	0 €
Total ingresos por operacións de capital financeiras		646.000,00 €
Total Operacións de Capital		646.000,00 €
TOTAL XERALDE INGRESOS		225.673.317,20 €

ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2015-2016 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo	Importe 2015	Importe 2016	+/- vari.%	
1	Impostos directos	102.241.340,00 €	103.831.645,34 €	1,56
2	Impostos indirectos	6.501.120,00 €	7.709.710,00 €	18,59
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	35.251.477,40 €	36.706.577,19 €	4,13
4	Transferencias correntes	71.116.818,09 €	74.610.994,31 €	4,91
5	Ingresos patrimoniais	3.180.000,00 €	2.168.390,36 €	-31,81
7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00
8	Activos financeiros	600.000,00 €	646.000,00 €	7,67
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0
Total	218.890.755,49 €	225.673.317,20 €	3,10	

Do importe total do presuposto de ingresos (225.673.317,20€) corresponden a operacións correntes (225.027.317,20€: capítulos I a V), un 99,71% e a operacións de capital (646.000,00€) un 0,29%.





CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 103.831.645,34 € e representa un 46,00 % do total do presuposto e un 46,14% do total de operacións correntes.

A previsión do importe da **cesión do IRPF** regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFLL ascende a 5.453.670,00€ millóns de euros, supoñendo o 5,25% do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,42% do total do presuposto e un 2,42% das operacións correntes.. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbeles de natureza urbana** para o ano 2016 ascenden a 62.100.000,00 euros , as previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbeles de características especiais (BICES)** ascenden a 2.400.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóbeles de Natureza Rústica , a 50.000 euros

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 28,60% do total do presuposto e un 28,69% das operacións correntes. Incrementábase respecto das previsións aprobadas nos presupostos de 2014 e 2015 nun 1,25% xustificado polo incremento de inmóbeles do Padrón Fiscal de Bens de Natureza Urbana como resultado das actuacións do Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello. O Incremento de unidades catastrais serve de mecanismo compensador de dúas incidencias en sentido negativo : o tipo impositivo de 2016 é un 0,23% inferior ao de 2014 e, o número de unidades catastrais urbanas reducírase para 2016 en, aproximadamente, 3.000 correspondentes a solos urbanizables sen ordenación detallada que pasarán a ser calificadas como bens de natureza rústica .

As previsións do Imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica** para o ano 2016 ascenden a 14.600.000 euros e representan un 6,47% do total do presuposto e un 6,49% das operacións correntes. Redúcese a previsión respecto dos exercicios 2014 e 2015 nun 6,41%, xustificada pola crecente substitución de vehículos de maior cilindrada por outros de menor potencia, por un menor número de vehículos industriais, pola redución do 10% nas tarifas de motocicletas, acordada en sesión plenaria de 28 de setembro de 2015, así como, polo incremento das bonificacións do 75% da cota por adquisición de vehículos con emisións inferiores a 120 gr/Km de CO2 (en 2015, un 59% dos vehículos novos ingresaron só un 25% da cota por este motivo).

As previsións do Imposto sobre **Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana** para o ano 2016 ascenden a 6.000.000 euros e representan un 2,66% do total do presuposto e un 2,67% das operacións correntes. Incrementábase esta partida respecto das previsións do presuposto de 2014 nun 37,93% tomando como referencia prudente as transmisións realizadas nos exercicios 2014 e 2015, única variable de referencia, pois os tipos impositivos e as bases impositivos (valores catastrais), permanecen inalterados .

As previsións do **Imposto sobre Actividades Económicas** para o ano 2016 ascenden a 13.227.875,34 euros e representan un 5,86% do total do presuposto e un 5,88% das





operacións correntes cun descenso respecto dos anos 2014 e 2015 do 2,02%. pola previsión de insuficiente liquidación de ingresos do ano 2015.

CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 7.709.710,00 € e representa un 3,42% do total do presuposto e un 3,42 % do total de operacións correntes.

A previsión do importe da **cesión do IVE** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 4.579.550 euros, supoñendo o 59,40% do total da imposición indirecta do Concello (Capítulo II). Supón un 2,03 % do total do presuposto e un 2,04% das operacións correntes. Resulta un incremento respecto da previsión do exercicios 2014 e 2015 dun 9,89 %. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da **cesión de Impostos sobre consumos específicos** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 1.630.060 euros, supoñendo o 21,14% do total da imposición indirecta do Concello (Capítulo II). Supón un 0,72% do total do presuposto e un 0,73% das operacións correntes. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do **Imposto sobre Construción Instalacións e Obras** para o ano 2016 ascende a 1.500.000 euros e representan un 0,66% do total do presuposto e un 0,67% das operacións correntes. Esta partida incrementa a dos presupostos de 2014 e 2015 nun 50%.

CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 36.706.577,19€ e representa un 16,27% do total do presuposto e un 16,31% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2016 supón **un incremento do 4,13%** respecto das previsións aprobadas nos presupostos de ingresos de 2014 e 2015.

As previsións da **Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas** para o ano 2016 ascenden a 5.200.000€ na partida 30200 de lixo comercial e 11.600.000€ na partida 30201 de lixo vivendas. A cifra conxunta de 16.800.000euros representa un 7,44% do total do presuposto e un 7,47% das operacións correntes.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o **1,5% dos ingresos brutos** obtidos polas mesmas no





municipio: estímase no importe de 3.100.000€ os ingresos das empresas de electricidade, gas, auga e outros así como en 800.000€ os ingresos procedentes das empresas de telecomunicacións. Redúcense as previsións para 2016 das partidas 33300 e 33309 por estaren os ingresos que se liquidan por estes conceptos en litixios contencioso-administrativos.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 74.610.994,31€ e representa un 33,06% do total do presuposto e un 33,16% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2016 supón **un incremento do 4,91%** respecto das previsións aprobadas nos presupostos de **ingresos** de 2014 e 2015.

A previsión da **Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado** para o ano 2016 ascende a 63.615.969,48 euros e representa un 28,19% do total do presuposto e un 28,27% das operacións correntes. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE), e as cifras que constan como previsión no presente presuposto de 2016 nesas partidas corresponden ás facilitadas pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coa CCAA e EELL para a elaboración do presuposto do ano 2015. Incrementábase esta partida de participación no fondo complementario nun 6,23% respecto dos presupostos de 2014 e 2015.

A previsión do importe da **Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA)** ascende a 6.199.366,92 euros, permanecendo invariable respecto dos anos 2014 e 2015. Supón un 2,75% do Presuposto Total e un 2,75% das operacións correntes.

CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS

Importa este capítulo 2.168.390,36€, cifra que reduce as previsións de 2014 e 2015 nun 31,81% pola redución na partida 5200 de xuros de depósitos. Representa un 0,96% do total do presuposto e un 0,96% do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Non figura ningunha previsión de Ingresos neste capítulo.

CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS

Importa este capítulo 646.000 € e representa un 0,29% do total do presuposto e un 100% do total de operacións de capital.



DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCEIROS

Non figura ningunha previsión de Ingresos neste capítulo.

MJM/mc

Vigo, outubro de 2015

Asinan, A Directora de Ingresos e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2015 07:42

Páxina 6 de 6

Expediente 31/142

Código de verificación: 22E83-5E82B-C34CA-D4ABB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>